



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Patrimonio Cultural		Código	662G01007
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
	Rodríguez Caramés, Santiago		s.rodriguez.carames@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Dada a amplitude de ámbitos que abarca o concepto de Patrimonio Cultural, o obxectivo fundamental da materia é aproximar ao alumnado a todos eles tendo en conta a súa vinculación co fenómeno turístico. Prestarase unha especial atención á xestión do patrimonio e ao papel e importancia das persoas expertas en turismo con relación a ela. Farase especial fincapé no patrimonio histórico-artístico. A materia pretende despertar a curiosidade e sensibilizar ao alumnado sobre o valor e fragilidade do patrimonio, fonte de recursos fundamental para o turismo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Definir o concepto de Patrimonio Cultural e a súa relación co turismo	A1 A3 A5 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Coñecer e analizar as principais manifestacións artísticas de cada período histórico	A1 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4



Estudar os principais tipos de bens culturais e as súas características	A1 A5 A18 A23 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Profundizar no concepto de Xestión do Patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C4
Analizar e profundizar en cada unha das fases da cadea lóxica da xestión do patrimonio	A1 A2 A3 A13 A14 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4 C5 C7 C8
Definir o significado do turismo cultural e a súa relación co patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A23 A27 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C3 C4 C6
Aprender a terminoloxía artística básica no ámbito da arquitectura, escultura e pintura e os os diferentes estilos artísticos a través dos casos de A Coruña e Santiago	A1 A8 A18 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4



Temas	Subtemas
Bloque 1- Patrimonio cultural e Turismo.	1.1. Marco conceptual. 1.2. Clasificación dos bens culturais. 1.3.O Turismo Cultural.
Bloque 2- Especial referencia ao Patrimonio Artístico e Monumental.	2.1. O comentario da obra de arte. 2.2. Técnicas e terminoloxía artísticas. 2.3. Nocións xerais sobre os principais estilos.
Bloque 4- Xestión do Patrimonio:	4.1. Marco conceptual. 4.2. A protección do Patrimonio. 4.2.1. Lexislación (Especial atención á Lei galega). 4.2.2. Catalogación. 4.2.3. Conservación. 4.3. A Investigación. 4.4. A Difusión. 4.4.1. Patrimonio e museos. 4.4.2. A Interpretación do Patrimonio.
Bloque 3- El Patrimonio gallego.	3.1. Principales ejemplos del patrimonio arquitectónico gallego. 3.2. La ciudad de A Coruña. 3.3. La Catedral de Santiago y su entorno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A14 A18 A23 A27 A30 A31 B4 C2 C4 C5 C6 C7 C8	21	32	53
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	1	16	17
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	9	21	30
Traballos tutelados	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	6	36	42
Saídas de campo	A1 A2 A3 A5 A8 A18 A23 A30 A31 B1 B4 B5 B7 C4 C8	5	0	5
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



Proba mixta	Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Pode ir vinculada aos traballos tutelados ou á avaliación de parte da materia teórica.
Traballos tutelados	Metodoloxía referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?como facer as cousas?. As indicacións para os traballos, individuais ou en grupo, daranse ao comezo da materia.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario relacionadas co ámbito de estudo da materia. Pode levar implícita a realización de traballos de síntese ou recensións que computarán na parte de traballos tutelados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	A atención personalizada poderá ofrecerse durante os seminarios e titorías, ou dun xeito individual, e se se precisa por parte do alumnado e co acordo previo coa profesora, dun xeito individual ou grupal..

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	Nesta proba avaliarase todo o temario. Pode facerse en contacto directo co patrimonio ou a través de fotografías.	40
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	Esta presentación ou proba oral avaliará a parte correspondente á cidade da Coruña O alumnado de Simultaneidade de Grao o fará in situ en coordinación coa materia de inglés. O alumnado de Grao o fará in situ ou na aula, según indicacións da profesora.	30
Traballos tutelados	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	Traballo con parte grupal e individual a partir das pautas ofrecidas pola profesora ao inicio da materia. A parte individual puntuará 1.5 e o conxunto do traballo (parte grupal) o 1.5 restante. Na parte individual computaranse os exercicios ou cuestionarios (fichas) que se podan facer na clase maxistral, que, polo xeral, terán relación cos contidos do traballo. Tamén poden incluírse nesta porcentaxe as recensións ou exercicios derivados das saídas de campo.	30

Observacións avaliación



A asistencia a clase é obrigatoria. Pódense facer cuestionarios ou exercicios que servirán como forma de control da asistencia e repercutirán na parte individual do traballo tutelado. As saídas de campo, conferencias ou outras actividades son unha obriga e poderán requirir a presentación dunha recensión, que servirá como demostración da asistencia. As persoas que, por unha causa xustificada, non podan asistir o día indicado para a presentación oral terán que acordar coa profesora outra data. Todas as partes teñen que ser superadas polo menos nun 50% para poder facer o cómputo final. O alumnado que suspenda calquera das partes figurará en actas coa cualificación obtida na parte suspensa, ata que se poida facer o cómputo final na seguinte oportunidade unha vez superadas todas as partes. Pódese dar a situación de que unha persoa suspenda algunha das partes, pero que a suma co resto dea aprobado. Nese caso a nota será un suspenso (o suspenso máis alto das que aparezan suspensas), pois para facer o cómputo é preciso, como se sinalou anteriormente, que todas as probas sexan superadas nun 50%. As instrucións detalladas sobre os traballos serán explicadas pola profesora na clase e expostas na plataforma Moodle para a súa consulta. Os anteriores criterios de avaliación aplicaranse tanto na primeira como na segunda oportunidade, así como na convocatoria adiantada. O alumnado que libere unha parte da materia mediante unha proba parcial, só terá validez para o curso actual. Se unha persoa que ten liberada unha parte non consegue aprobar a materia no seu conxunto, nin en primeira nin en segunda oportunidade, a súa cualificación final será suspenso, e terá que repetir toda a materia nos seguintes cursos académicos. Está prohibido acceder á aula na que se desenvolven as distintas probas de avaliación con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ ou almacenamento de información. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Seguirán o mesmo sistema que o alumnado presencial, pero deberá realizar dous traballos individuais propostos pola profesora en lugar de un. Ademais, deberá poñerse en contacto con ela para realizar alomenos dúas titorías on line ao longo do cuatrimestre. Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario. O alumnado que non se presente a ningunha das partes propostas na avaliación aparecerá como NP na acta. De presentarse a calquera delas, aparecerá como suspenso ata que na seguinte convocatoria presente ou aprobe a parte que falte para poder facer o cómputo final. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo.

Fontes de información

Bibliografía básica	- GARCÍA CUETOS, María del Pilar (2011). El patrimonio cultural. Conceptos básicos . Prensas Universitarias de Zaragoza - GONZÁLEZ, Matilde; LEZCANO, María Elvira y SERANTES, Araceli (2014). Interpretación do patrimonio artístico. Guía para profesionais do turismo. CEIDA Engadiranse referencias bibliográficas no transcurso da materia. En Moodle inclúense as referencias bibliográficas e documentos sobre A Coruña e a Catedral de Santiago
----------------------------	--



Bibliografía complementaria

- (). .
 - AZNAR, S. Y CÁMARA, A. Libro (2002). Historia del Arte . UNED, Madrid
 - BALLART, J. e JUAN i TRESSERAS, J (2001). Gestión del Patrimonio Cultural . Ed. Ariel, Barcelona
 - Borrás, J. et al. (1996). Introducción general al arte. general al arte Ed. Istmo, Madrid
 - CRESPI, Montserrat E PLANELLS, Margarita (2003). Patrimonio Cultural. Síntesis, Madrid
 - ESPINO, J. Y MORÁN, M (1996). Historia General del Arte Español. SGEL, Madrid
 - FATÁS , G. e BORRÁS, G (1999). Diccionario de términos de arte. Alianza Editorial, Madrid
 - GOMBRICH, E.H. (1996). Historia del Arte. Ed. Debate, Madrid
 - HARTT, F. (1989). Arte.Historia de la pintura, escultura y arquitectura. Ed. Akal, Madrid
 - HATJE, U. et al. (1989). Historia de los estilos artísticos (2 vols). vols) Ed. Istmo, Madrid
 - JANSON, H.W (1995). Historia General del Arte(4 vols.). Alianza Editorial, Madrid
 - LAJO, Rosina (1990). Léxico de Arte. Ed. Akal, Madrid
 - LEZCANO GONZÁLEZ, María Elvira (2011). El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa.. experiencia interpretativa. Boletín de Interpretación nº 25, AIP.www.interpretaciondelpatrimonio.co
 - MARTÍN GONZÁLEZ, J.J. (1992). Historia del Arte (2 vols.). Ed. Gredos, Madrid
 - MORALES, A.J. (1996). Patrimonio histórico-artístico. Historia 16, Madrid
 - NIETO ALCAIDE,V. et al. (2000). Historia del arte. Ed. Nerea, Madrid
 - PÉREZ SANTOS, Eloisa (2000). Estudios de visitantes en museo. Metodología y aplicaciones.. Ed. Trea, Gijón
 - QUEROL, María Ángeles (2020). Manual de Gestión del Patrimonio Cultural. Akal
 - ROTH, L (1999). . Ed. Gustavo Gili, Barcelona
 - SORALUCE BLOND, J.R. (2015). Historia del Arte para incrédulos. incrédulos Tórculo Eds. A Coruña
 - TUGORES, F. e PLANAS, R. (2006). Introducción al Patrimonio Cultural . Edics.Trea, Gijón
 - TILDEN, Freeman (2006). La interpretación de nuestro patrimonio. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla
- Specific bibliography in english: · CAVE; Claire; NEGUSSIE, Elene (2017)World Heritage Conservation. TheWorld Heritage Convention, Linking Culture and Nature for SustainableDevelopment. Routledge · CRAIG, Albert et al. (2016) Heritage of World Civilizations,The, Combined Volume, 10th edition. Pearson · COTHREN, Michael; STOKSTAD, Marilyn (2019). Art: A Brief History , 7th edition. Pearson · DAVIES, Penelope et al. (2016)Janson's History of Art: The WesternTradition, Reissued Edition, Volume 1. Pearson Janson's History of Art: The WesternTradition, Reissued Edition, Volume 2 · DEEPAK, Chhabfra (2023) Resilience, Authenticity and DigitalHeritage Tourism. Routledge· FROST, JENNIFER: FROST, WARWICK (2023). Medieval Imaginaries in Tourism,Heritage and the Media. Routledge· HARGROVE, Cheryl (2017) Cultural Heritage Tourism. FiveSteps for Success and Sustainability. Rowman& Littlefield Publishers / AASLH· PACELLI, Vicenzo; SICA, Eduardo (2022)The Economics and Finance ofCultural Heritage. How to Make Tourist Attractions a Regional Economic Resource. Routledge· SMITH, M.K. (2016) Issues in cultural tourism studies, London: Routledge 3rd edition.· SMITH, M.; Macleod N.; Robertson M. H. (2010) Key concepts in tourist studies, London: Sage· STOKSTAD, Marilyn (2018) Art History, Volume 1. Pearson Art History, Volume 2 . Pearson· STAIFF, Russel, et al. (2012) Heritage and Tourism. Place,Encounter, Engagement. Routledge. WHITE, Chris (2023) Museums and Heritage Tourism.Theory, Practice and People. Routledge · WOODWARD, Simon; COOKE, Louise (2022) World Heritage. Concepts, Managementand Conservation. Routledge · WICKE, Christian, et al. (2018) Industrial Heritage and RegionalIdentities. Routledge Additional Reading:Coehn A, Knifton R. (eds) (2015) Sites of popular music heritage: memories, histories, places London: RoutledgeDu Cros H., and McKercher B. (2015) Cultural Tourism, Abingdon: RoutledgeHobsbawm E and Ranger T (2012) The invention of tradition, Cambridge, CUPMcKerchler B, du Cross H (2002) Cultural tourism: the partnership between tourism and cultural heritage management, New York: Haworth HospitalityPrebensen N.K., Chen J.S., and Uysal M. (eds), (2016) Creating Experience Value in Tourism CABIRaj R., Griffen K., Morpeth N. (eds) (2013) Cultural tourism Wallingford: CABISmith L and Akagawa N (2009) Intangible heritage London: RoutledgeTimothy D.J. and Boyd S.W. (2003) Heritage tourism, Prentice HallTimothy D.J. and Boyd S.W. (2014) Tourism and trails ? cultural, ecological and management issues, Channel View PublicationsTimothy, Dallen J. (2020). Cutural Heritage and Tourism: An introduction Channel View PublicationsUrry J and Larson J (2012) The tourist gaze 3.0, London: SageCreating Heritage:



<https://www.routledge.com/Creating-Heritage-Unrecognised-Pasts-and-Rejected-Futures/Carter-Harvey-Jones-Robertson/p/book/9780815347927> Campelo, Adriana (2019). Cultural Heritage
<https://www.routledge.com/Cultural-Heritage/Campelo-Reynolds-Lindgreen-Beverland/p/book/9781138092822>



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia ás aulas é unha obriga do alumnado. A asistencia ás saídas de campo é fundamental, pois supoñen a preparación das probas e traballos. Perspectiva de Xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propóranse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías